

Creando empresas saudables



Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

Problema: Carga de traballo I

Causas:

1. Falta de rotacións que poden producir sobrecarga física e psíquica nos traballadores.
2. Présa do tempo que leva sobrecargas de traballo alternadas en ocasións con períodos de baixa actividade.
3. Deficiente planificación dos recursos que se materializa ou ben nunha sobrecarga xeneralizada de traballo, ou ben en diferenzas significativas da mesma entre os distintos equipos de traballo.

Consecuencias:

1. Baixas producidas por estrés ou por sobrecargas musculares.
2. Diminución da motivación nos equipos ao sentir que o traballo non se realiza de forma continua, senón a tiróns.
3. Aparición de conflitos pola presenza de agravios comparativos entre os equipos de traballo.

Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Planificar adecuadamente os recursos dispoñibles antes de iniciar unha actividade. Distribuílos correctamente e comprobar a súa rendibilidade.
2. Distribuír os traballadores en equipos rotativos para evitar que a acción repetitiva cause problemas músculo-esqueléticos en quen realiza as tarefas.
3. Crear equipos de traballo equilibrados e asegurarse de que a formación é a adecuada para a realización das tarefas encomendadas.
4. Avaliación da actividade, nun primeiro momento interna por parte de cada equipo de traballo e nunha segunda ocasión, avaliación en conxunto cos responsables.
5. Realizar periodicamente planificacións dos traballos entre equipo directivo e mandos intermedios.